



O escritor lucense afincado en Vigo Agustín Fernández Paz (á dereita) presentou o seu último libro, 'Desde unha estrela distante', nun acto no Pazo da Cultura de Pontevedra ao que asistiron medio cento de escolares do CEIP Manuel Vidal Portela e o editor Manuel Bragado (no centro, arriba). GONZALO GARCÍA

Museos

Agasallo de publicacións para os visitantes

Co gallo do Día do Libro, a Deputación Provincial de Pontevedra agasallou onte con algunha das súas publicacións a cada un dos visitantes do Museo de Pontevedra. De 18.00 a 21.00 horas, todas as persoas que pasaron polas instalacións museísticas da institución provincial puideron recoller de balde un libro no Sexto Edificio.

A Deputación ofreceu tamén outros volumes do seu Servizo de Publicacións a un prezo máis reducido do que é habitual.

Outro museo da provincia, o de arte contemporánea de Vigo, Marco, tamén festexou a data, organizando unha actividade de bookcrossing.



Visitantes do Museo agasallados onte con libros da Deputación. ÁNGEL BARREIRO

Infantil

A estrela de Agustín Fernández Paz

►O autor festexa o 23 de abril léndolle un anaco do seu novo traballo a medio cento de alumnos do colexio Vidal Portela de Pontevedra

BELÉN LÓPEZ

✉ blopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. «A min sempre me gustou moito ler, dende moi pequeno. De repente sentín a necesidade de escribir os meus propios libros». Así foi como se fixo escritor Agustín Fernández Paz. Revelouno o propio autor onte en Pontevedra, onde festexou o Día do Libro léndolle un anaco do seu novo traballo, 'Desde unha estrela distante', a medio cento de cativos da cidade. O acto, organizado pola editorial Xerais e o Concello, celebrouse no Pazo da Cultura e a el acudiron alumnos do CEIP Manuel Vidal Portela, que escoitaron en primicia parte da última historia de Fernández Paz. Ao rematar, os cativos puideron preguntarlle o que quixeron ao escritor, informou o Pazo da Cultura.

O autor deulle mesmo un truco aos rapaces para escribir as súas propias historias: preguntarse 'que pasaría se...'. Tamén lles revelou outro dos seus costumes: escribir a man as ideas que se lle van ocorrendo, «sempre en caderenos de follas amarelas».

'Desde unha estrela distante'

conta a historia de Daniela, que está pasando uns días na casa da súa avoa antes de mudarse coa súa familia a unha nova cidade. «Unha tarde sobe ao faiado a explorar e alí leva o susto da súa vida. Ao abrir un baúl, aparécelle un rato decidido a falar con ela e que, en realidade, é un extraterrestre! Poderán chegar a entenderse dous seres tan diferentes?», avanza a editorial sobre o argumento da nova obra de Agustín Fernández Paz.

Á presentación de 'Desde unha estrela distante' tamén acudiu o editor, Manuel Bragado, que pola tarde participou noutro acto organizado por Xerais co gallo do 23 de abril, a presentación dunha nova edición de 'Cantares gallegos', de Rosalía de Castro, en Vigo.

KALANDRAKA. Outra editorial, a pontevedresa Kalandraka, festexou a data de onte en Santiago de Compostela. Alí tivo lugar a XIII Campaña Municipal de Animación á Lectura, organizada de forma conxunta entre o Concello e o selo pontevedrés. Celebráronse unha serie de obradoiros nos que participaron máis de 150 profesores de centros da comarca santiaguesa.

Entre outras actividades realizadas en Galicia, tamén se pode destacar que a Xunta distribuíu un marcapáxinas conmemorativo do 150 aniversario da obra 'Cantares gallegos' en colaboración coa Federación de Librarías.